

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 11.10.2017 Hora: 10:30

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 13403 (10/POC-002353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a posta en marcha do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado en Santiago de Compostela, e os motivos polos que continúa pechado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017
- 1.2 14416 (10/POC-002682)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a información e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que están a padecer en Alemaña as persoas mozas galegas acollidas ao programa de formación en FP denominado MobiPro-EU
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 5865 (10/PNC-000573)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun calendario plurianual de incorporación dos titulados MIR ao Sergas para o período 2017-2020 mediante a convocatoria pública de prazas estables
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 2.2 11053 (10/PNC-001150)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o inicio polo Goberno galego da construción dun centro de saúde no concello de Gondomar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017
- 2.3 11433 (10/PNC-001176)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego, para o curso 2017-2018, do número de prazas públicas na escola infantil de Allariz, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata eliminar a lista de espera existente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017

- 2.4 16919 (10/PNC-001412)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia das competencias profesionais do título de Técnico ou Técnica Superior en Electromedicina Clínica, a impartición da formación necesaria para a súa adquisición, así como a regularización e convocatoria da oferta pública de emprego nesa especialidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017
- 2.5 17133 (10/PNC-001430)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno das actuacións necesarias para solucionar as carencias e deficiencias que presenta o novo Centro de Saúde de Marín, e de xeito prioritario no referido ao servizo de radioloxía, á dotación de persoal e ao réxime horario do servizo de ambulancia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017
- 2.6 17229 (10/PNC-001436)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias denunciadas no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017



Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.^a, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores

BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Noela Blanco Rodríguez

S

María Ángeles García Míguez

P

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

P

Marta Rodríguez Arias

P

María Soraya Salorio Porral

P

Eva Solla Fernández

EM

Julio Torrado Quintela

S

Paula Vázquez Verao

EM

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 13403(10/POC-002353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a posta en marcha do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado en Santiago de Compostela, e os motivos polos que continúa pechado

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:49
Nº Rexistro: 13403
Data envío: 01/08/2017 13:49:24.908



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado no barrio compostelá de Salgueiriños, programouse no ano 2007 co obxectivo de ser un centro de vangarda, pioneiro no Estado para o tratamento integral da discapacidade. O complexo está preparado para facilitar a mobilidade e tratamento de persoas dependentes, e dotado de múltiples espazos e servizos, todos encamiñados á promoción da autonomía persoal de persoas con discapacidades físicas e a súa integración e desenvolvemento social. Principalmente, ofrecerá asistencia para persoas dependentes, aínda que, nos seus locais haberá locais administrativos, formativos, de rehabilitación, de investigación e de recursos de apoio. A previsión era daquelas que cando estivera a pleno rendemento podería atender a un total de 162 persoas con discapacidade ao día: setenta das súas prazas serían para formación; 60 destinaríanse para habilitación funcional, emocional e psicosocial; e as 32 restantes para residencia. Ademais, o proxecto contemplaba unha zona de cafetería e de comedor, que estaría aberta ao público da cidade.

O centro segue pechado na actualidade malia que as obras, supuxeron un investimento de máis de 13 millóns de euros.

Na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, continuación e consecuencia do primeiro plan, non se fai mención á apertura do Cegadi como parte dos obxectivos para executar neste período.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que motivo permanece pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)?

2. A que se debe o retraso na súa posta en marcha?
3. Cando ten previsto o Goberno galego poñer en marcha a pleno rendemento o Cegadi?
4. Qué modelo de xestión implementará a Xunta de Galicia neste complexo?
5. Solicitou algunha entidade facerse cargo da xestión de espazos do centro?
6. Que número total de empregados e empregadas públicas formarán parte do cadro de persoal do Cegadi?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/08/2017 13:40:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:40:15

Julio Torrado Quintela na data 01/08/2017 13:40:25

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 14416(10/POC-002682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a información e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que están a padecer en Alemaña as persoas mozas galegas acollidas ao programa de formación en FP denominado MobiPro-EU

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:33
Nº Rexistro: 14416
Data envío: 22/08/2017 11:33:37.873

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás condicións de traballo dos moz@s galeg@s emigrad@s en Alemania.

O goberno alemán puxo en marcha un proxecto de formación en FP cunha duración de 2 a 3 anos, chamado MobiPro (Mobilität Program) coa escusa de ofrecer oportunidades laborais á xuventude do sur europeo, que é a que ten máis dificultades pra acceder ao mercado laboral.

A FP en Alemania ten a especificidade de que a formación lévase a cabo no lugar de traballo, principalmente, e a teoría ocupa unhas 6 semanas de cada semestre. Polo tanto, as prácticas son remuneradas e o estudantado cotiza á SS, tendo que superar todo o proceso habitual para buscar un traballo para ser admitido na empresa.

MobiPro é un programa do que se benefician un conglomerado de intermediarios, conveniados, que reciben as subvencións correspondentes en todo o que respecta de servizos ao estudantado: As academias de idiomas, curso intensivo de alemán para alcanzar un nivel “conversa” ao chegar a destino; as escolas de formación (ONGs), que son axencias “sen ánimo de lucro” que se ocupan de toda a burocracia e xestionan os perfís das candidaturas, á chegada ao país e a súa integración con actividades e cursos de alemán, etc. ; as empresas, non só para os estranxeiros, mais en xeral para todos @s aprendices, as empresas nin teñen programa formativo, nin son



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:33
Nº Rexistro: 14416
Data envío: 22/08/2017 11:33:37.873

controladas polos servizos gubernativos a respecto das condicións laborais. Sinxelamente, @s aprendices ocupan o chanzo máis baixo no cadro da empresa e son metid@s a piñón nas engrenaxes da maquinaria produtiva.

Deben pasar un mes de proba e logo 6 meses máis, coma calquera traballador normal, cumprindo os mesmos horarios, agás os menores de idade, e cobrando a metade. Para os aprendices de MobiPro o tope é de 818€, dos cales cotízanse entre 400 e 600€, dependendo da zona e da empresa.

No caso de non superar o período de proba e ter que voltar para a casa e abandonar o programa, hai unha taxa de abandono bastante elevada, @s moz@s están a gastar máis do que perciben, durante a formación non se cobran horas extras, ao que hai que engadir que é moi difícil ingresar un salario estando no curso de alemán intensivo.

Durante as campañas de captación dest@s traballadores/as barat@s nunca se mencionan os inconvenientes, nin os casos de abandono e de fracaso e que facer se as cousas se torcen. Hai información manipulada e incompleta para enganar @s futur@s emigrantes con falsas promesas de estabilidade laboral, seriedade e compromiso empresarial.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

1.- É coñecedor o Goberno galego da situación na que se encontran estes mozos e mozas traballando en Alemania baixo o paraugas de MobiPro-EU?

2.- Vai a Xunta de Galiza esixir responsabilidades ao goberno alemán polo trato ao que se ven sometidos @s moz@s galeg@s, por parte dos empregadores e dos diversos organismos que colaboran no programa MobiPro-EU?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:33
Nº Rexistro: 14416
Data envío: 22/08/2017 11:33:37.873

3.- Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para defender os lexítimos intereses das mozas e mozos que están a cursar unha FP en Alemania?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2017 11:33:12

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2017 11:33:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2017 11:33:21

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2017 11:33:22

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2017 11:33:24



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/08/2017 11:33

Nº Rexistro: 14416

Data envío: 22/08/2017 11:33:37.873

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2017 11:33:25

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5865(10/PNC-000573)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun calendario plurianual de incorporación dos titulados MIR ao Sergas para o período 2017-2020 mediante a convocatoria pública de prazas estables

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:49
Nº Rexistro: 5865
Data envío: 01/03/2017 13:49:10.966



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Un dos problemas máis sinalados polas profesionais e polos profesionais sanitarios é a falta de suficientes recursos humanos para atender as demandas asistenciais da poboación galega. Así, as demandas sobre a eliminación da taxa de reposición do persoal, así como os déficits de profesionais que provocan perda de calidade asistencial, son un dos debates máis frecuentes sobre a situación laboral do sistema sanitario público.

No que corresponde especificamente aos médicos e médicas, Galicia ten formado nos últimos 8 anos máis de 2500 titulados e tituladas MIR. De estes, segundo os datos da propia Consellería de Sanidade e da Consellería de Facenda a través dos orzamentos, so foron contratados e contratadas de maneira estable 322 (165 en Atención Primaria e 157 en Atención especializada). Estes datos amosan dous problemas fundamentais. O primeiro, en termos de calidade da asistencia sanitaria, que apunta a un limitado proceso de incorporación de profesionais que redunda na dificultade para manter ou elevar a calidade asistencial como sinalan os colectivos profesionais. En segundo lugar, amósase un problema de desaxuste en termos de planificación e de balance no investimento en formación fronte á perda de produtividade ao non reinsertar no sistema aos formados.

No que respecta ao primeiro dos problemas sinalados, os titulados e tituladas MIR en Galicia terminan por permanecer de maneira inestable cubrindo postos eventuais en torno ao sistema sanitario, ou ben por marchar fóra, principalmente a Reino Unido e Portugal, onde son valorados polo seu nivel formativo. En menor medida tamén se atopan presentes

algúns repetindo o propio MIR para volver a ter oportunidades e continuar a súa vinculación co sistema.

En relación ao segundo problema, o malgasto ineficiente de recursos que se produce ao investir en formación universitaria de primeira calidade para os médicos e médicas, pero logo perder a súa capacidade produtiva porque estean traballando fóra cando xa están formados, resulta un buraco que é necesario estimar para coñecer o impacto real da mala planificación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un calendario plurianual para os anos 2017-2020 de incorporación dos titulados/tituladas MIR ao Sergas, mediante convocatoria pública de prazas estables que contribúan a paliar o déficit de persoal facultativo sinalado polos colectivos profesionais.

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:42:07

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2017 13:42:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 13:42:18

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 11053(10/PNC-001150)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o inicio polo Goberno galego da construción dun centro de saúde no concello de Gondomar

Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos orzamentos, a Consellería de Sanidade unicamente dotou a partida para centros de saúde en toda Galicia en 5.7 millóns de euros. Unha cifra moi baixa que apenas serviría para cubrir a demanda de dous centros de saúde e que amosa unha descapitalización na capacidade de dotar de infraestruturas sanitarias necesarias aos diferentes concellos que así o precisen. As cifras tampouco melloran para a partida de equipamento dos centros de saúde, onde están destinados para toda Galicia 400.00 euros.

No caso de centro de saúde de Gondomar, que leva reclamándose dende fai dúas lexislaturas, xa no 2012 diferentes colectivos, persoas e plataformas, denunciaron os recortes sobre o proxecto do centro de saúde que unidos á irresponsabilidade da Xunta pola perda dos fondos europeos destinados á construción de centros de saúde, supoñen unha situación intolerable para as veciñas e veciños do concello.

Con todo, o proxecto aínda non está en marcha, polo que existe capacidade para a modificación do proxecto inicial e axeitalo as necesidades do concello e as propostas que as e os profesionais puxeron sobre a mesa en relación ao Plan de mellora de atención primaria.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2017 18:23
Nº Rexistro: 11053
Data envío: 26/06/2017 18:23:39.986



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte
Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a por en marcha, no menor
tempo posible, a construción dun centro de saúde que asuma todas as necesidades
sanitarias do concello de Gondomar.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/06/2017 18:14:57

Luis Villares Naveira na data 26/06/2017 18:15:04

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 11433(10/PNC-001176)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego, para o curso 2017-2018, do número de prazas públicas na escola infantil de Allariz, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata eliminar a lista de espera existente

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2017 10:12
Nº Rexistro: 11433
Data envío: 04/07/2017 10:12:41.903



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Parlamentario Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos. Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

O Concello de Allariz ten unha das porcentaxes máis altas da provincia de Ourense de poboación menor de vinte anos, así como un alto número de nacementos, 38 no ano 2015, de maneira contraria á tendencia da maioría dos concellos de menos de 10000 habitantes da provincia que sofren un grave problema demográfico.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na derradeira adxudicación de prazas en escolas públicas infantís para o vindeiro curso 2017-2018, feita a través de Resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicada na páxina web da Consellería de Política Social, hai nove familias en lista de agarda na escola infantil de Allariz, aos que hai que engadir aos nenos e nenas deste concello que acoden na actualidade a centros situados noutros municipios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar para o vindeiro curso o número de prazas públicas na escola infantil de Allariz, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata niveis en que se elimine a lista de agarda e non sexa preciso que os nenos e nenas nados neste concello teñan que desprazarse a outros centros de municipios próximos, nin incrementar os concertos con entidades privadas.

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/07/2017 10:05:26

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2017 10:05:33

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2017 10:05:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2017 10:12
Nº Rexistro: 11433
Data envío: 04/07/2017 10:12:41.903



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2017 10:05:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 16919(10/PNC-001412)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o recoñecemento pola Xunta de Galicia das competencias profesionais do título de Técnico ou Técnica Superior en Electromedicina Clínica, a impartición da formación necesaria para a súa adquisición, así como a regularización e convocatoria da oferta pública de emprego nesa especialidade

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16919
Data envío: 19/09/2017 14:22:23.602



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non e lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

O R.D 835/2015 regula o título de Técnico/a Superior en electromedicina clínica dándolle carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado. A partir das cualificacións profesionais, créase unha categoría na mesma liña que outros profesionais sanitarios como os técnicos especialistas en radiodiagnóstico.

O Ciclo formativo de electromedicina clínica pretende contribuír a mellorar a cualificación profesional das traballadoras e traballadores encargados de xestionar e realizar o montaxe e mantemento das instalación, sistemas e equipos de tecnoloxía sanitaria

Actualmente son xa cinco Comunidades Autónomas (Andalucía, Castela-A Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana e País Vasco) as que imparten o ciclo formativo, apostando por unha formación cualificada e unha mellora na calidade asistencial e a seguridade do paciente.

En Galicia, polo contrario, non só non se está a impartir dito ciclo formativo si non que o mantemento da maquinaria de electromedicina, que inclúe o mantemento e arranxo de equipos de endoscopia, incubadoras, TAC...etc., despois da súa privatización, foi adxudicado á empresa Iberman S.A na práctica totalidade do SERGAS agás o Novo Hospital de Vigo, no que a fórmula público-privada abrangue tamén o servizo.

A privatización do servizo empeorou a calidade do mesmo, producindo un aumento excesivo dos tempos de resolución, nalgúns supostos unha incorrecta reparación dos equipos e incluso ata deixar de asumir determinadas reparacións



sen causa xustificada. O que finalmente supuxo que pola vía dos feitos a Xunta de Galicia non renovase a contratación coa empresa.

Na actualidade, a solución que procurou o Goberno da Xunta de Galicia, foi a de dar liberdade ás distintas EOXI para que contrate cada unha o servizo. Esta situación, unido a que Galicia non ten implantada a especialidade, produce un intrusismo que provoca a situación de que nas áreas sanitarias están derivando persoal con praza de electricista para levar o mantemento do equipamento electromédico. Algunhas áreas, crearon a figura de “Condutor de instalación” para levar a cabo o mantemento, circunstancia que motivou que o Consello de Contas no seu último informe advertirá da falta de transparencia no acceso a esa figura que ademais, segundo o informe do propio Consello, non é unha figura estatutaria.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- **O recoñecemento das competencias profesionais do título de Técnico/a Superior en electromedicina.**
- **Impartir a formación necesaria para a adquisición de dito título.**
- **Regularizar e convocar oferta pública de emprego na especialidade de electromedicina revertendo a privatización do servizo de mantemento dos equipos electromédicos no SERGAS.**

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16919
Data envío: 19/09/2017 14:22:23.602

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 19/09/2017 14:16:43

Luis Villares Naveira na data 19/09/2017 14:16:51

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 17133(10/PNC-001430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno das actuacións necesarias para solucionar as carencias e deficiencias que presenta o novo Centro de Saúde de Marín, e de xeito prioritario no referido ao servizo de radioloxía, á dotación de persoal e ao réxime horario do servizo de ambulancia

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as melloras que son precisas realizar no recién inaugurado centro de saúde de Marín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción dun novo Centro de Saúde en Marín foi unha insistente demanda veciñal, que tivo que agardar un longo período de tempo para que o mesmo fora unha realidade. O Goberno de coalición BNG-PSOE puxo no ano 2008 os terreos a disposición da Xunta, tras conseguir a adquisición dos mesmos despois de negociar con INVIFAS a súa transferencia pública.

Un longo proceso de oito anos para por en activo a infraestrutura sanitaria, ao longo do cal foron continuas as denuncias e reclamacións polo atraso das obras. O custe do centro foi de 5,6 millóns de euros e atende a unha poboación de arredor de 25 mil persoas con máis de 23 mil tarxetas sanitarias

Coincidindo coas eleccións ao Parlamento Galego do ano 2016, o Partido Popular, coa alcaldesa María Ramallo e o Xerente da Area Sanitaria de Pontevedra, á cabeza fixo unha inauguración encuberta do Centro, motivo polo cal foi denunciado perante a Xunta Electoral de Zona e aberto un expediente sancionador, de xeito que o



BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17133
Data envío: 21/09/2017 13:32:03.494

día 16 de setembro de 2016, en plena campaña electoral empezou a realizar as súas funcións.

Ao mes seguinte, outubro do 2016, Núñez Feixóo inauguraba de maneira “oficial” as instalacións do Centro de Saúde – PAC, afirmando que era “dos máis completos de Galiza” e “un pequeno hospital sen hospitalización”.

A menos dun ano da inauguración non son poucas as deficiencias e carencias que presenta o centro. A primeira delas é a non existencia do servizo de radioloxía, a pesares de que hai o espazo físico para o mesmo, é ser unha das promesas do Partido Popular. Como consecuencias @s veciñ@s de Marín teñen que desprazarse a Pontevedra para realizar calquera proba radiolóxica.

Pese a existencia de Servizo de Fisioterapia, non hai creada ningunha praza de Fisioterapia, @s traballadores/as só teñen contratos temporais, de acúmulos de tarefas. Polo número de habitantes, a ratio tería que ser cando menos de 2 profesionais de fisioterapia, mais a realidade é que o centro de saúde só conta cunha persoa, e sen terse creado a praza de xeito estrutural.

A isto hai que sumar carencia de servizo de Farmacia, non existe monitor de desfibrilador no Centro de Saúde, non existe Caixas fortes para depositar e gardar os fármacos psicotrópicos e estupefacientes. Falta de cobertura nas baixas de persoal de longa duración, a empezar polo servizo de Matronas, que orixina unha deficiente atención.

A non disposición dunha ambulancias dispoñíbel as 24 horas do día, tamén é motivo de preocupación, toda vez que @s veciñ@s de Marín quedan desprotexidos durante ás noites en caso de ser preciso acudir a unha urxencia ou ter que facer un traslado ao Hospital.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17133
Data envío: 21/09/2017 13:32:03.494

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a realizar todas as actuacións precisas para dar solución a todas as carencias e deficiencias que presenta o novo Centro de Saúde de Marín. De xeito prioritario:

- Dotar ao centro do servizo de radioloxía, tanto no referido ao aparataxe como a dotación de persoal.
- Completar a RPT do centro con cando menos dúas prazas de fisioterapia.
- Substituír a totalidade das ausencias do persoal, en especial as ILTs de longa duración.
- Ampliar o servizo de ambulancia a 24 horas ao día.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 17133
Data envío: 21/09/2017 13:32:03.494

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 13:26:27

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 13:26:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 13:26:32

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 13:26:38

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 13:26:40

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 13:26:42

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 11.10.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 17229(10/PNC-001436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias denunciadas no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás deficiencias no CHUAC.

A Xunta de Persoal do CHUAC vén de facer pública a denuncia a respecto da situación que se está a vivir no centro hospitalario. Denuncian que mentas o complexo ten máis de cen camas pechadas e unidades enteiras clausuradas, as persoas do servizo de oncoloxía están dispersas por todo o Centro.

Denuncian que as obras da unidade de oncoloxía e de cirurxía plástica terían que ter rematado, e a mediados de setembro estar operativas, mais esta non é a realidade senón que as persoas doentes de cancro diante do peche da unidade de onco están dispersas polo hospital e ingresadas unha boa parte na planta 9 E de medicina interna, precisamente unha das máis sobrecargadas e máis precaria a nivel de persoal. Resulta imposible que a pesar da moi alta profesionalidade do persoal, darlle a atención especializada que precisan, a empezar polo tempo que debería poderse dedicar.

Denuncian que o servizo de urxencias está permanentemente colapsado, no que todos os días hai decenas de doentes pendentes de ingreso. Que nun contexto dunha ampla listas de espera en cirurxía, siga sen abrirse a unidade de cirurxía plástica, e que permanezan pechas 50 camas no Abente e Lago, 25 na terceira planta e 25 na cuarta.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:20
Nº Rexistro: 17229
Data envío: 21/09/2017 18:20:06.045

A esta situación asistencial suman a precariedade de moit@s profesionais que non dispoñen dun calendario laboral estábel, non coñecen con suficiente antelación nin cal vai ser a súa quenda, servizo etc, o que dificulta sobremaneira poder facer unha mínima planificación, e moito menos conciliación.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Abrir de inmediato as 50 camas pechadas no Abente e Lago
- Poñer en funcionamento, á maior brevidade, as unidades de cirurxía plástica e oncoloxía, en especial esta última para poder prestarlle @s doentes de cancro a atención que precisan na súa unidade.
- Facilitarlle @s traballadores/as en tempo e forma o calendario laboral, coa xornada e servizo no que van prestar os seus servizos.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 18:20
Nº Rexistro: 17229
Data envío: 21/09/2017 18:20:06.045

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2017 18:19:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/09/2017 18:19:24

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2017 18:19:25

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2017 18:19:27

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2017 18:19:28

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2017 18:19:36